

**HÉCTOR FRANCESCH (artes plásticas):**  
17.nov / 10.00-14.00h+16.00-20.00h

**"AERODEBUXOS" - PEZA COLABORATIVA: PARTICIPA!**

"Na miña práctica artística o punto de partida é a pintura e o debuxo, por iso sempre digo que todas as pezas están concibidas baixo un prisma de pintor. Interésame a pintura no seu sentido máis estrito e tamén desde un punto de vista expandido, entendido en calquera das súas aplicacións formais, así como en calquera das súas disciplinas. Todo parte dunha idea ou concepto, e despois, dependendo das necesidades de cada idea, o proxecto ou peza terá unha forma ou outra. Interésame a sublimación dos obxectos, gústame utilizar como obxecto artístico aquilo que a priori non o é; gústame este tipo de retos. A idea de pintar sen pintura entusiásmame, investigando novos camiños, pero sen abandonar os coñecidos, xa que creo en sumar e non en restar. Os compoñentes procesual e específico teñen moita importancia para min, e é por isto que as pezas que produzo sempre teñen unha relación coa contorna e os axentes participantes nesta. Neste caso, a peza que realizarei con colaboración do público será unha maraña de palliñas de beber, entre 10 e 15.000 unidades, situándoa entre dúas árbores da Praza do Concello de Carballo de forma que sexa un debuxo de garabatos pendurado no espazo e que pode ser visualizado por ambos os lados". Héctor Francesch



**DÚAS (música): 17.nov / 19.30h**

Dúas da nome ao conxunto formado por dúas percusionistas galegas, María Figueiredo Rodríguez (Ourense, 1988) e Sabela Caridad García (Sada, 1988). Ambas estudaron baixo a docencia do percusionista Alejandro Sanz, pero non se coñeceron ata o ano 2005, onde coincidiron por primeira vez nun encontro da Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia (XOSG). No verán de 2015, e a partir de ideas e inxedanzas similares decidiron facer realidade a formación. Trátase dun proxecto emprendedor cuxa idea principal é facer boa música a través de espectáculos próximos ao público. Abranguen un amplo repertorio, interpretando obras de diferentes estilos, abarcando o período clásico, o moderno e o contemporáneo, compaxinándoo con obras da súa propia creación como "Pollistes gallicus", obra para vibráfono e percusión, estreada o 25 de decembro de 2015 en Sada.

**A SÚA PEZA: "MINIMAL"**


A percusión sempre se caracterizou por ser unha familia de instrumentos moi extensa. Neste concerto queremos facerlle chegar ao público que con poucos recursos, tanto materiais como musicais, moitas obras son minimalistas. Que significa isto? Pois que con varios motivos rítmicos creáse unha composición, que pode trasladar o espectador a unha especie de trance, podéndose levar a cabo un concerto, no cal nos atopemos con: percusión corporal, narrativa vocal, música con electrónica e moitas cousas máis que non imos descubrir, pois o mellor e gozalo "in situ".



**RUBÉN FDEZ. CASTÓN (artes plásticas):**  
18.nov / 12.00-14.00h+16.00-19.00h  
19.nov / 11.30-13.00h

**"QUERCUS ROBUR" - PEZA COLABORATIVA: PARTICIPA!**

Este proxecto nace a partir de atopar na rede un artigo onde dicía "A Praza do Concello xa ten o seu carballo". Quercus robur, carballo común, é unha árbore robusta, de porte grandioso, que pode superar os 40 m de altura. Está clasificada na Sección Quercus, que son os carballos brancos de Europa, Asia e América do Norte. As tres pezas escultóricas que conforman o proxecto identifícanse coa robustez dun carballo. As cores empregadas simbolizan a transformación das follas no transcurso do ano, tendo en conta como fondo o azul do ceo. É, polo tanto, que o verde representa a folla do carballo no seu apoxeo, a cor coral lembrará a súa folla caduca e o azul como elemento de contraste entre a árbore e o ceo nas paisaxes. As pezas escultóricas son prismas rectos de diferente formatos, pezas contundentes, simbolizando a robustez dun carballo. Estando presente unha vez máis, con estas formas, a fonte principal de creación do artista; a xeometría. Sen esquecer a utilización incondicional das cores fortes.



**CÍA PROJECTO C-F DANCE**  
(mimo/danza/performance): 19.nov / 13.30h

**"DIÁLOGOS DE INTENTO"**

Intérpretes: PAULA QUINTAS & ARTURO COBAS

Duración: 20 minutos

Sinopse da peza:

Esta acción móvese arredor dunha máquina de escribir e do sentimento universal da distancia, que só se resolve co xogo, a liberación das emocións, as normas e o desfrute, o gozo.

